

OUTRO MARINHO GALEGO, JOÃO DA NOVA, TIVO UN
PAPEL ABONDO RELEVANTE AO SERVIZO DA COROA DE
PORTUGAL A COMEZOS DESE SÉCULO. NESTE
TRABALLO, O HISTORIADOR SANTIAGO PROL ADIANTA
O CONTIDO DO SEU PRÓXIMO LIBRO.

SANTIAGO PROL, TEXTO


A Galicia postirmandiña, maiormente dende o 1480 coa represiva presenza de Castela non lle deixou cancha aos nobres galegos que, abandeirados por Álvarez de Sotomaior, Xoán Pimentel e o arcebispo Fonseca II,

crebaran aquel movimento democrático. A
acceda realidade faria que relevantes no-
bres marchasen a Portugal. Nessa testitura asen-
tou-se João da Nova em Lisboa, no solpor do
reinado de Afonso V. Dez anos depois, xa
no de João II (1481-1495) aparece como
membro da súa garda persoal. Na década
dos oitenta tiña participado nas expedi-
cións militares e de exploración polo
Atlántico nas armadas portuguesas.

Em 1495 morreu João II. Subiu ao poder o irmão da rainha, Manuel I de 26 anos. Com este soberano passaria o nauta galego à primeira linha da vida pública graças ao seu amigo Tristão da Cunha, o favorito da corte e financeiro relevante que levava as contas do monarca. Assim, em 1496 atopamos a João da Nova como alcaide de Lisboa e cavaleiro da Casa do Rei dentro do círculo nobiliário mais próximo à coroa. Dende aquele posto controlaria a informação privilegiada e parte das actividades económicas.

Europa importava especiarias, sedas e ouro pela rota tradicional de Oriente Médio e do Mediterrâneo. A queda de Constantinopla (dende aquela Istambul), no 1453 na órbita dos turcos, complicou aquela actividade encarecendo os produtos. Havia que atopar unha rota alternativa á Índia circunnavegando África e ofertar as mercadorías a prezos máis baratos. Nesa teimadura Henrique o Navegante que se instalara intencionalmente no Algarve: artellara un asteloiro, un observatorio astronómico en Sagres e centralizara o comercio e as descubertas africanas na feitoría de Lagos.

A RUTA DE JOÃO DA NOVA



como un grande emporio europeo Atlántico. D. Manuel, Tristão da Cunha, Bartolomeu Marchionni e D. Álvaro, irmão do duque de Bragança, foram quem armaram as quatro caravelas sob o comando de João da Nova. Esta foi a expedição mais discreta das realizadas no primeiro decénio do século. Desafiou o navegador galego do Restelo lisboeta na segunda semana de Março de 1501. Tivemos finalmente experimentar as técnicas: vais da Rota da Índia com outro tipo de navio, procurar a mina de ouro que Vasco da Gama localizara no sul de Moçambique e ir na procura dos reinos asiáticos descobertos de novas terras (G. Bouchon). As deshabitadas ilhas vulcânicas Ascensão e Santa Helena (no Atlântico Austral) aparecem vencelladas a este navegador. A primeira, consoante os cronistas na viajem de ida, ainda que relevantes historiadores (Luís de Albuquerque, Bouchon), coidam que foi achada na volta a regresso em 1502. Santa Helena pertence definitivamente desde 1673 a Gran Bretanha que a East India Company dispunha quando o império colonial português esmorecia. Aposouse neste ponto de encontro obrigatório na viajem de regresso da Cana da Índia pela sua situação estratégica e pela abundância de água doce.

Portugal vivía cara o mar dende tempos inmemoriais. Polo interior as súas pretensións anexionistas faríanse insalváveis aínda que os soberanos lusos casaban con frecuencia con fillas dos reis casteláns. En 1500 Alvares Cabral descubría oficialmente Brasil que fora tocado previamente polo andaluz Vicente Yáñez Pinzón e que por mor do Tratado de Tordesillas non lle correspondía tomar posesión.


Neste contexto aparece a III Expedición á India comandada polo marino galego, un dos persoeiros máis relevantes da Lisboa de comezos do século XVI. João da Nova sabía -ao regreso de Vasco da Gama- que debería facer unha aproximación ás costas brasileiras para encargar con garantías o Cabo das Tormentas, xa que logo os ventos alísios do Atlántico non lle permitían facelo linealmente. A súa expedición foi de financiación mixta: coroa e banqueiros portugueses e trasalpinos, maiormente florentinos que procuraron novas filiais naquela Lisboa que emerxía

PARA SABER MAIS...



Nestas imaxes, rúas adica-
das a João da Nova en
Maceda (esquerda) e Lisboa.
Despois das súas aventu-
ras, o mariño endexamais
regresaría á capital por-
tuguesa. Falecería en Cochim
(capital do vicereinado) á
morte do século XVI.

Sobre a sua figura, caiu uma lenda negra por supostos excessos em Grã-Bretanha. A historiografia lusa deve revisar e restituir a João da Nova o lugar que lhe corresponde pelos serviços prestados.


[illegible]

ADIANTO EDITORIAL / JOÃO DA NOVA

LEGO DO SÉCULO XVI

VIAXES QUE DURABAN UN ANO ENTRE IDA E VOLTA

En 1505, João da Nova emprendeu outra viaxe cara a India no buque insignia da mariña portuguesa, a nao Frol de la Mar de 400 toneis de carga. Inicialmente ía formar tándem con Tristao da Cunha no vicerreinado da India. As viaxes duraban case ano e medio entre ida e volta. Semellaba pouco operativo organizar aquel megaproxecto só dende Lisboa. (Nese medio tempo sucedían moitas cousas). D. Manuel e o Consello Rexio decidiron nomear un vicerrei con poderes e un xefe militar en Oriente. Tristao da Cunha fora elixido para o primeiro cargo e João da Nova para controlar o tráfico marítimo da zona. Unha avitaminose súbita cegou ao amigo do mariño galego e o tándem fendeuse. D. Manuel nomeou precipitadamente a Francisco de Almeida como substituto, aínda que deixou ao nauta galego como capitán maior dende o Cabo Comorim ata as Maldivas e cun documento secreto para, se o consideraba oportuno, exercer como capitán maior de toda a India. Aínda que o vicerreinado semellaba virtual (só controlaban algunhas feitorías e tentaban facer o propio coas rotas de navegación naquela parte do Índico), o soberano luso mandou a João da Nova con poderes especiais para compensar o potencial de Almeida. Os problemas axiña aflorarían, xa que logo o vicerrei preferenciou ao fillo para maior gloria da familia, ningueneou ao mariño galego e provocou airadas respostas epistolares do monarca luso. Francisco de Almeida estaba -sen sabelo- cavando a tumba do vástago.



Longwood House, a vivenda na que estivo Napoleón Bonaparte dende 1815 até 1821, na illa de Santa Helena, descuberta por João da Nova.

AS SÚAS AVENTURAS NA INDIA

João da Nova, que exercera con éxito misións diplomáticas pola costa africana e na India naquel 1505, decidiu -decepcionado- regresar a Lisboa na Frol de la Mar. Saíu tardíamente das costas do Malabar. Invernou na Illa de Pemba por mor do monzón desfavorábel. Logo complicouse a viaxe na zona do Cabo. Agardou pola seguinte expedición na Carreira á India capitaneada polo seu amigo Tristao da Cunha, xa recuperado. Seguiu con el e con Afonso de Albuquerque até a estratéxica Socotorá, na entrada do Mar Roxo, onde levantaron unha fortaleza. Logo, João da Nova acompañou a Albuquerque -a contragusto- polas costas de Omán até Ormuz nunha incruenta incursión a sangue e fogo da que discrepaba abertamente: toda urbe que non se facía feudataria (léase submisas) de Portugal era bombardeada e queimada, previa amputación de órganos faciais a moreas de



Unha imaxe de Napoleón, nos seus derradeiros anos de vida, confinado en Santa Helena

varóns islámicos. Albuquerque amosou a face máis despiadada que levaba dentro. Os enfrontamentos cos outros capitáns

subiron de tono. Tres abandonárono en Ormuz. João da Nova logo dun terceiro e definitivo encontronazo tamén se ía cara a India. Orabén, non desertou como se ten escrito até o paroxismo ao longo destes cinco séculos.

Na India o vicerrei Almeida, que remataba de perder ao fillo na Batalla de Chaul, recibira encantado a un João da Nova que dous anos antes fora vilipendiado. Dende aquel intre conformarían un tándem cohesionado para vingar a morte de D. Lourenço de Almeida. En xaneiro de 1509 -compartindo estancias e decisións na Frol de la Mar-, vencerían cunha armada de dezaoto navíos, a unha coalicción de turcos, exipcios e indios na histórica Batalla Naval de Diu que neutralizou durante décadas, o poder otomano na zona e facilitou o asentamento luso alí. Salientemos que en primeira liña estivo este nauta galego.

e vencellado coa casa no-
de Galicia, o padre Felipe
heroe, chamado Xoán da
Portugal e serviu aos reis
quistas do seu tempo en
da India, que foi nobre
itos dos que ilegálica
Elqueira Valverde, Rivas
VI (João de Barros, Damião
galego de nacemento e de na-
ral de Galiza»



da da expedición portuguesa, como os que mostramos sobre estas liñas.

Esta semana, a illa de
Santa Helena celebra
o quinto centenario
do seu descubrimento
por João da Nova.
Con motivo desta com-
memoración, as au-
toridades locais emi-
tiron selos que re-
producen a chega-



Un paso por a illa
Asunción



Sobre estas liñas, a Juan de Nova Island, descuberta polo mariño galego

João da Nova aínda atopou un territorio máis relevante, que non trascendeu á longo dos séculos por mor do que se deu en chamar a «política do sigilo» e polo menosprezo manifestado de non poucos historiadores. A illa Trapobana, actual só tanta, ate pouco Ceilán, foi tocada no 1501 polo mariño galego. En Colombo (capital do país) atopase un «padrao» pouco convencional co escudo de Portugal torcamente esculpido e coadunado 1500 ao seu coón, o vestigio máis antigo da presenza lusa (e galega) en Asia. A Armada de João da Nova chegou completa a Lisboa o 12 de setembro de 1502. O rei D. Manuel duplicou o soldo que tña cando era alcaide de Lisboa pola éxito acadado.